

ROTEIRO DE SAN MARCOS PENEDO DA MOURA


Sáimos da **igreja de San Pedro da Mezquita** (nomeada *Monumento Nacional* desde 1.931 e *xoia do románico galego en transición ao gótico*), en dirección ao barrio do Loureiro pasando pola casa materna de D^o Luís González Seara (*Ministro, Senador, Deputado, Académico*), para coller o “**camiño do Meixendo**” e chegarmos a fonte do Val e entrar no pobo a través do “**camiño da Fonteliña**”. Cruzaremos o pobo e sairemos dél polo “**camiño da Corga**” que nos levará o pé da autovía AG31 para seguir polo “**camiño da Cabreira**” ata o chamado cinco cruces.

Colleremos a dereita polo “**camiño da Regueira**” ata o xiro a esquerda para subir polo “**camiño de Peñín**” deica o “**camiño de Vilachá**” que se engadirá ao “**camiño das Arcas**” e levaranos o barrio das Arcas. Sairemos polo “**camiño da Patana**” ata a estrada da Merca. Aí xiramos a dereita, percorrерemos 30 metros de estrada para coller a esquerda o “**camiño dos Cruceiros**” e chegarmos o “**camiño das Penelas**”.

Camiñaremos por el uns 20 metros para xirar a esquerda e subir polo “**camiño do Alvaredo**” ata chegar o “**camiño do 26**”. Aquí xiramos a dereita e camiñaremos por él ata enlazar co “**camiño da Moura**” que nos levará o “Penedo da Moura, lugar singular e que dá nome o roteiro. Sairemos por unha “**carrilleira**” ata enlazar co fermosísimo “**camiño das Rañoás**” que nos achegará o cruce onde despois de xirar a dereita tomaremos o “**camiño vello de San Marcos**” que nos levará por unha forte subida ata o **cume de San Marcos (640 metros)**, lugar singular e que dá tamén nome o roteiro.

Despois de desfrutar dunhas magníficas vistas derivadas da altitude do lugar e onde destaca a beleza ao fondo da igrexa Monumento Nacional de San Pedro da Mezquita, escomenzamos a baixar polo “**camiño da Fonte do Frade**” ata chegarmos o **barrio da Compostela**. Xiramos a esquerda e percorrерemos por estrada ata chegar o **barrio do Campo** onde o saíres dél xiraremos a dereita para coller o “**camiño da Touza Grande**” e chegarmos o parque biosaudable e enlazar co “**camiño de Outeiro**” que nós levará a estrada da Merca e xa nos sitúa no pobo da Mezquita.

Entramos no pobo de **San Pedro da Mezquita** e imos ata a fonte do Freixeiro para alí xirar a esquerda e subir pola rúa e de novo xiramos a esquerda para percorrer o espazo chamado “**a Torre**”, onde se dí que estivo o Castelo e se poden observar unhas construcións senlleiras. Despois de rodear o espazo “**a Torre**” seguiremos polo “**camiño da Cal**” ata chegar a estrada do Val e seguimos a dereita para subir a beira da antiga escola do pobo (na actualidade local social parroquial) e de carón para imponente **igreja de San Pedro da Mezquita** e chegarmos ao punto de saída e inicio do roteiro.



SINALIZACIÓN ROTEIRO



FRENTE



DEREITA



ESQUERDA



PRECAUCIÓN



Concello
Da Merca